

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E GADISA RETAIL S.L.U. PARA A CONVOCATORIA DO VII CONCURSO ESCOLAR DE CARTEIS RELACIONADO COA DOAZÓN E COS TRANSPLANTES.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e "GADISA RETAIL S.L.U", formalizaron o 24/01/2025 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura e estará en vigor ata o 31 de xullo de 2025.

Que o instrumento convencional asinado ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo a convocatoria do VII Concurso escolar de carteis relacionado coa doazón e cos transplantes dirixido ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO) para o curso escolar 2024-2025.

O concurso terá como tema "a doazón e os beneficios do transplante de órganos", co fin de promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón, entendida como un acto voluntario e altruísta.

Poderán participar no concurso de debuxo o alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO) de todos os centros educativos, tanto sostidos con fondos públicos coma privados, da Comunidade Autónoma Galega.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Área de Órganos, Células e Tecidos da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos de Galicia, entidade adscrita á Consellería de Sanidade, é a responsable de coordinar a política de doazón e transplante de órganos e tecidos de aplicación en humanos nos centros sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia, así como de realizar actividades formativas tanto para persoal sanitario coma non sanitario en materia de doazón e transplante de órganos e tecidos.

Entre as súas funcións está a de informar e difundir acerca da doazón e transplantes de órganos e tecidos dirixido ás administracións e institucións sanitarias, profesionais, asociacións e, en especial, ao público en xeral a través de campañas de sensibilización social a favor da doazón, charlas divulgativas no ámbito escolar, información telefónica, o calquera outra, así como a elaboración e difusión de material divulgativo e didáctico.

As entidades participantes están interesadas en colaborar, aproveitando os seus recursos, para fomentar a doazón de órganos e tecidos, concienciando deste tipo de doazón e o deseño de intervencións informativas dirixidas á infancia e xuventude co obxecto de mellorar a opinión da doazón e os transplantes de órganos e tecidos, co fin de permitirlles tomar unha decisión propia e que sexan transmisores informados dos coñecementos adquiridos sobre a doazón no seu ámbito de influencia familiar, social, e académico.

A tal efecto, Gadisa Retail SLU asume o custo íntegro do financiamento dos premios correspondentes aos centros docentes cunha dotación económica global económica de TRES MIL (3.000 EUROS). Dita dotación será entregada aos centros docentes gañadores en forma de vale para a adquisición de material escolar de conformidade co establecido nas bases do concurso, anexas ao acordo asinado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á





natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso ao instrumento convencional asinado, con exclusión doutras figuras.

A secretaria xeral técnica

Natalia Lobato Mosquera

